



Agradecemos fundamente ao movemento asociativo cultural e veciñal que en número de máis de douscentos colectivos apoiou esta convocatoria, defensores sempre dunha cultura galega viva e con participación popular, democrática.

Agradecemos a toda cidadanía, que veu dende os catro puntos cardinais da nación toda, que nos acompaña hoxe e deu o seu apoio a esta mobilización, a esta convocatoria da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Así como a todas e todos os que traballaron para que hoxe fose un día de masiva celebración dun dos símbolos da nación dos galegos e galegas, que reencarna os nosos anxeios de pobo libre, sedimentados xeración tras xeración ao longo dos séculos.

E nós, dende a AELG, seguiremos a asumir o compromiso de dar a coñecer a obra de Rosalía de Castro, que é como raíz da grande árbore que bebe no humus da lingua viva e da cultura popular e abre para ela as xanelas ao futuro en diálogo coa tradición, coa historia de noso, a lingua que nos explica como pobo, porque se conforma nos pregues mais íntimos e segredos do ser colectivo dos galegos.